

LUGO

Anuncio

A xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 31.08.2016, adoptou o acordo que literalmente se transcribe:

"13/570 **NORMATIVA APLICABLE AOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Directora Xeral de Recursos Humanos, do 23 de agosto de 2016, na parte expositiva do cal se fai constar:

"Visto o escrito da CSIF sobre o asunto de referencia no que solicita que se adopte resolución na que conste se a materia que se pide nos temarios é a regulada pola lexislación vixente na data da publicación da convocatoria, na data da realización da proba ou o publicada pero pendente de entrada en vigor e que se proceda á anulación das convocatorias realizadas a subsidiariamente á suspensión dos procesos selectivos convocados ata a súa aclaración.

Visto igualmente o informe do Servizo de Persoal onde sinala que á vista do temario concreto incluído nas bases do proceso selectivo para a cobertura interina de prazas de auxiliar de administración xeral, non se aprecia motivo para a anulación das convocatorias.

E sendo certo que o carácter xenérico do temario (a diferenza do máis específico da Xunta de Galicia que se cita) parece que fai innecesario a súa anulación e/ou modificación. Con todo, se parece conveniente, que, ante a inminente entrada en vigor o próximo día 2 de outubro das leis 39/2015 e 40/2015 do procedemento administrativo común e de réxime xurídico respectivamente, así como as modificacións que efectivamente se produciron moi recentemente na organización municipal -e que puidesen seguir producíndose dado o seu carácter dinámico- parece oportuno adoptar resolución. A modo de aclaración xeral que lembre que a lexislación á que necesariamente hai que facer referencia é a que está en vigor ao momento de facer o exame.

O principio de seguridade xurídica fai que isto sexa así con carácter xeral, a non ser que a convocatoria específica diga expresamente que o temario se refire á lexislación vixente no momento de tal convocatoria no correspondente diario oficial.

Iso cobra especial relevancia nos exames tipo test onde non caben explicacións sobre as situacións transitorias, de tal maneira que no suposto que houbese unha pregunta que non se axustase a tal lexislación en vigor, esta debese ser anulada. Hai que significar que no suposto dun exame con temas para desenvolver, con independencia de seguirse o mesmo criterio (lexislación en vigor), sería posible algunha matización que quedaría a criterio do tribunal cualificador en forma regulamentaria e en uso das súas competencias."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta, conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude da CSIF en relación coa normativa aplicable en procesos selectivos convocados polo que se refire á anulación e/ou modificación das convocatorias realizadas.

SEGUNDO.- Aclarar para os efectos oportunos que, nas convocatorias realizadas polo Excmo. Concello de Lugo para a cobertura interina de prazas de auxiliar administración xeral publicado no BOP do 2 de maio de 2016, as referencias legais enténdense sempre á normativa en vigor á data do exame.

TERCEIRO.- Suspender o procedemento tramitado polo mínimo tempo imprescindible ata a data da publicación deste acordo en forma regulamentaria."

En cumprimento do previsto na normativa vixente, con expresa indicación de que contra o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Lugo, 7 de setembro de 2016.- O ONCELLEIRO DELEGADO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, Xose Daniel Piñeiro Villares.

R. 2755

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Decreto de 31/08/2016 o padrón polo servizo de axuda a domicilio do mes de agosto de 2016 por medio do presente expónse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

O mesmo tempo establécese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía de constrinxemento.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

En O Páramo a, 31 de agosto de 2016.- 1ª Tte. De Alcalde, Begoña González López

R. 2756

A PASTORIZA

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de data 16/07/2016 aprobou inicialmente a modificación da "ordenanza municipal reguladora da administración electrónica".

No BOP núm. 177 de 03/08/2016 publicouse o anuncio de exposición pública da aprobación inicial da antedita modificación, e ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 o acordo provisional adquire carácter definitivo e procedéndose en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da citada Lei 7/85, a publicación do seu texto íntegro:

"MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO CONCELLO DA PASTORIZA

Modificación do artigo 12.1. da vixente ordenanza municipal reguladora da administración electrónica que quedará redactado nos seguintes termos:

"Artigo 12.-A Sede Electrónica Municipal.-

1. Establecese como sede electrónica do Concello da Pastoriza o punto de acceso electrónico xeral, <http://apastoriza.sedelectronica.gal>. Nesta sede, poñerase a disposición da cidadanía a relación dos servizos e o modo de acceso aos mesmos, debendo manterse coordinada cos restantes puntos de acceso electrónico do Concello e dos seus entes dependentes, cara os que existirá un enlace directo."

A Pastoriza, 09 de setembro de 2016.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 2757

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 DE LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**